

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de febreiro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de febreiro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1 (139).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 2 de febreiro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(140).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DINAMIZACIÓN INFANTIL. EXPTE. 4156/336.**

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, do 10.02.15, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de febreiro de 2015, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 4.- Propostas de clasificación.

##### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de dinamización infantil (expediente 4156-336)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 09-12-2014, 11-12-2014, 23-12-2014, 26-12-2014, 29-12-2014, 20-01-2015, 27-01-2015 e 10-02-2015 e dos informes da xefe do servizo de Xuventude, de datas 22 de decembro 2014, 14, 22 e 26 de xaneiro de 2014 e 6 de febreiro de 2015, por unanimidade dos asistentes, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir da presente licitación a FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANALISES por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de dinamización infantil” no seguinte orde decrecente:*

*1º.- CLECE, S.A.: 70 puntos*

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CLECE, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros.*
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 609,32 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

#### **3(141).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2015. EXPTE. 422/330.**

Mediante escrito de data 9.02.15, en cumprimento coas instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo

da Área de Cultura, Festas e Museos, durante o mes de xaneiro de 2015, que son os seguintes:

SERVIZO: Área de Cultura, Festas e Museos

EXPTE	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMEN-TA-RIA	Nº OPERA-CIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
402/330	13/01/15	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO ANUAL DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN E PROMOCIÓN DA REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA MUNICIPAL NA WEB "VIGOCULTURA.ORG"	33302279900	2436	18.150,00 €	Hermes Sistemas, S.L.
403/330	13/01/15	CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E MANTEMENTO ANUAL DE CONTIDOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN E PROMOCIÓN SOCIOCULTURAL E FESTIVA NA WEB "VIGOCULTURA.ORG"	33802279903	2435	8.954,00 €	Hermes Sistemas, S.L.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

#### **4(142).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE XANEIRO 2015. EXPTE. 5973/335.**

Mediante escrito de data 3.02.15, en cumprimento coas instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas, durante o mes de xaneiro de 2015, que son os seguintes:

*Expte:* 5868/335. CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE CASTELO AVENTURA PARA O PARQUE DO NADAL 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1778

*Adxudicatario:* BARAFUNDA SL

*Importe total:* 6.386,10 EUROS

*Expte:* 5869/335. CONTRATACIÓN DE VARIOS OBRADOIROS PARA O PARQUE DO NADAL 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1775  
*Adjudicatario:* KOREMI REHABILITACIÓN SL  
*Importe total:* 8.923,99 EUROS

*Expte:* 5870/335. CONTRATACIÓN DO OBRADOIRO VILA NATALIS PARA O PARQUE DO NADAL 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1776  
*Adjudicatario:* MEKANÉ DIDÁCTICA SL  
*Importe total:* 5.390,00 EUROS

*Expte:* 5871/335. CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE EYEPLAY PARA O PARQUE DO NADAL 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1777  
*Adjudicatario:* MULTIDIDÁCTICOS SL  
*Importe total:* 3.792,41 EUROS

*Expte:* 5872/335. CONTRATACIÓN DOS OBRADOIROS A CAIXA MÁXICA PARA O PARQUE DO NADAL 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1779  
*Adjudicatario:* MAGIC STAGE SL  
*Importe total:* 3.058,88 EUROS

*Expte:* 5873/335. CONTRATACIÓN DS PROXECCÍONS CAIXIÑA DE MISTOS PARA O PARQUE DO NADAL 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1781  
*Adjudicatario:* MR MISTO FILMS SL  
*Importe total:* 968,00 EUROS

*Expte:* 5874/335. CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE E LIMPEZA DO RECINTO PARA O PARQUE DO NADAL 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1782  
*Adjudicatario:* ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO SL  
*Importe total:* 6.745,75 EUROS

*Expte:* 5875/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DO VESTÍBULO DO AUDITORIO MAR DE VIGO PARA O PARQUE DO NADAL 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1783  
*Adjudicatario:* ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO SL  
*Importe total:* 21.175,00 EUROS

*Expte:* 5878/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS RELACIONADOS COA PROGRAMACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1780  
*Adjudicatario:* SOLIMUSIC EVENTS SLU  
*Importe total:* 21.695,30 EUROS

*Expte:* 5880/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN CORAZÓNS VERMELLOS PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1785

*Adxudicatario:* ARISTIDES TONET VIEIRA DIAS

*Importe total:* 16.456,00 EUROS

*Expte:* 5881/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN O SÉQUITO MÁXICO DAS FADAS BRANCAS PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1786

*Adxudicatario:* TROULA ANIMACIÓN SL

*Importe total:* 7.018,00 EUROS

*Expte:* 5882/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN LENDA PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1787

*Adxudicatario:* CREACIONES LEAL SL

*Importe total:* 4.235,00 EUROS

*Expte:* 5883/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN FANTASÍA CON LUZ PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1789

*Adxudicatario:* BARAFUNDA SL

*Importe total:* 5.929,00 EUROS

*Expte:* 5884/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN LENDA PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1791

*Adxudicatario:* IMAXINERÍA SL

*Importe total:* 5.700,00 EUROS

*Expte:* 5885/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN A MAXIA DA LUZ PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1792

*Adxudicatario:* FUNDACIÓN IGUALARTE

*Importe total:* 6.500,00 EUROS

*Expte:* 5886/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN O MUNDO MÁXICO DOS BOLECHAS PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1793

*Adxudicatario:* EDICIONES BOLANDA SL

*Importe total:* 7.018,00 EUROS

*Expte:* 5887/335. CONTRATACIÓN DE CABALOS E XINETES PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1795

*Adxudicatario:* BENITO CONRADO PÉREZ MARTÍNEZ  
*Importe total:* 4.840,00 EUROS

*Expte:* 5888/335. CONTRATACIÓN DE AUTOMÓBILES ANTIGOS PARA A CABALGATA DE REIS 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1794  
*Adxudicatario:* CLUB GALLEGO DE AUTOMÓVILES ANTIGUOS  
*Importe total:* 2.000,00 EUROS

*Expte:* 5889/335. CONTRATACIÓN DA COORDINACIÓN E MONTAXE DO DESFILE DA CABALGATA DE REIS 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1796  
*Adxudicatario:* AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS e FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO  
*Importe total:* 15.000,00 EUROS

*Expte:* 5890/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DO VALADO DE SEGURIDADE PARA A CABALGATA DE REIS 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1798  
*Adxudicatario:* SENRA ALQUILER Y VENTA SL  
*Importe total:* 17.182,00 EUROS

*Expte:* 5891/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DO VALADO DE SEGURIDADE PARA A CABALGATA DE REIS 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1797  
*Adxudicatario:* PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL  
*Importe total:* 6.467,65 EUROS

*Expte:* 5892/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DE SINAIS E VALOS DE CORTES DE TRÁFICO PARA A CABALGATA DE REIS 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1799  
*Adxudicatario:* API MOVILIDAD SA  
*Importe total:* 4.224,92 EUROS

*Expte:* 5893/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DO PALCO DE RECEPCIÓN E DAS INFRAESTRUTURAS AO LONGO DO PERCORRIDO DA CABALGATA DE REIS 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1803  
*Adxudicatario:* PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL  
*Importe total:* 11.595,60 EUROS

*Expte:* 5894/335. CONTRATACIÓN DA CARACTERIZACIÓN DOS REIS MAGOS E DA ATENCIÓN AOS NENOS NAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2015  
*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015  
*Informe Intervención:* RCM 1806  
*Adxudicatario:* PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL SL  
*Importe total:* 7.100,21 EUROS

*Expte:* 5895/335. CONTRATACIÓN DA MAQUILLAXE DOS REIS MAGOS PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1805

*Adxudicatario:* BEAUTY FULL SL

*Importe total:* 1.210,00 EUROS

*Expte:* 5896/335. CONTRATACIÓN DO REPARTO DE CAMELOS PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1807

*Adxudicatario:* AQUILINO MOLINA VALÍN

*Importe total:* 2.178,00 EUROS

*Expte:* 5897/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONÍA PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1809

*Adxudicatario:* MARÍA ESTHER GARCÍA COMESAÑA

*Importe total:* 2.964,50 EUROS

*Expte:* 5898/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DA CARROZA DA POLICÍA LOCAL PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1810

*Adxudicatario:* LA FIESTA ESCÉNICA SL

*Importe total:* 7.000,00 EUROS

*Expte:* 5899/335. CONTRATACIÓN DA REPORTAXE FOTOGRÁFICA PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1813

*Adxudicatario:* NOEMÍ DÍAZ PATIÑO

*Importe total:* 2.900,82 EUROS

*Expte:* 5900/335. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1812

*Adxudicatario:* ECOVIGO PUBLICIDAD SL

*Importe total:* 5.266,53 EUROS

*Expte:* 5901/335. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CAMELOS PARA A CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data:* 02/01/2015

*Informe Intervención:* RCM 1814

*Adxudicatario:* EXCLUSIVAS VARELA SL

*Importe total:* 10.428,00 EUROS

*Expte:* 5902/335. CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES PARA NENOS DAS CARROZAS MUNICIPAIS DA CABALGATA DE REIS 2015

*Decreto concelleiro data: 02/01/2015*

*Informe Intervención: RCM 1816*

*Adxudicatario: MAPFRE VIDA a través de GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES SL*

*Importe total: 150,00 EUROS*

*Expte: 5903/335. CONTRATACIÓN DA RECEPCIÓN DOS REIS MAGOS NO AUDITORIO MUNICIPAL POLA CABALGATA DE REIS 2015*

*Decreto concelleiro data: 02/01/2015*

*Informe Intervención: RCM 181*

*Adxudicatario: RIVEL ANIMACIÓN SL*

*Importe total: 3.787,30 EUROS*

*Expte: 5904/335. CONTRATACIÓN DA COORDINACIÓN E TRANSPORTES DE APOIO PARA AS VISITAS A HOSPITAIS POLA CABALGATA DE REIS 2015*

*Decreto concelleiro data: 02/01/2015*

*Informe Intervención: RCM 1815*

*Adxudicatario: ESTRATEGÍA, ASESORÍA Y CONGRESOS SL*

*Importe total: 1.948,10 EUROS*

*Expte: 5959/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE NANCYS RUBIAS POLO ENTROIDO 2015*

*Decreto concelleiro data: 23/01/2015*

*Informe Intervención: RCM 4920*

*Adxudicatario: SWEET NOCTURNA SL*

*Importe total: 21.778,79 EUROS*

*Expte: 5960/335. CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE KIKO VENENO POLO ENTROIDO 2015*

*Decreto concelleiro data: 23/01/2015*

*Informe Intervención: RCM 4922*

*Adxudicatario: SWEET NOCTURNA SL*

*Importe total: 14.520,00 EUROS*

*Expte: 5964/335. CONTRATACIÓN DA ORGANIZACIÓN DA I CARREIRA POPULAR DO ENTROIDO*

*Decreto concelleiro data: 28/01/2015*

*Informe Intervención: RCM 10259*

*Adxudicatario: GESTIONA PROYECTOS DE DESARROLLO LOCAL SL*

*Importe total: 14.459,50 EUROS*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

**5(143).- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESTUDO PARA A DIVULGACIÓN DO PERCORRIDO DE TRES SENDEIROS LOCAIS ASOCIADOS AO SENDEIRO PANORÁMICO DE VIGO, PARA O FOMENTO, ENTRE OUTROS, DA EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL. EXPTE. 10647/306.**



Dáse conta do informe-proposta do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 06.02.15, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

#### *I.- Antecedentes*

*A Concellería de Medio Ambiente, en colaboración coa Federación Española de Montañismo en Galicia, divulgou o sendeiro panorámico de Vigo (GR 53) que discorre polos montes que rodean o termo municipal de Vigo constituíndose como un observatorio da biodiversidade do medio natural, dos parques forestais polos que discorre, dos restos arqueolóxicos e construcións históricas e modernas. Este sendeiro é de longo percorrido ao sobrepasar os 50 km e con itinerario lineal.*

*Tamén, dende esta Concellería de Medio Ambiente fomentouse a divulgación doutros sendeiros de itinerario lineal e pequeno recorrido (PR), menos de 50 km, coma o PR-G 1 Galiñeiro, PR-G 5 Eifonso, PR-G 9 Alba-Outeiros que discorren por entornos medioambientais privilexiados do termo municipal de Vigo e limítrofes.*

*A Xunta de Goberno Local en sesión do 9 de maio de 2014, aprobou un convenio de colaboración entre a Mancomunidade de Montes de Vigo e o Concello de Vigo para o desenvolvemento de actividades en materia medioambiental de interese mutuo, asinado polas partes o 15 de maio de 2014, con vixente a partir desta última data por un prazo de dous anos (expte. 10071/306).*

*Entre as ditas actividades medioambientais de interese mutuo citábanse: actividades de información, sensibilidade, educación e concienciación coa protección do medio ambiente que discorran por zonas de montes veciñais en man común, andainas, roteiros, etc...*

*A Concellería de Medio Ambiente, en colaboración coa Mancomunidade de Montes, considerou de interese divulgar tres sendeiros locais por camiños existentes polos montes de Vigo asociados ao GR 53 cun trazado circular, menor de 10 km, polo que encargou un estudo de divulgación ó respecto.*

#### *II.- Análise do estudo*

*A concellería de Medio Ambiente encargou a don Xosé Antonio Fernández Rojo un estudo para a divulgación do percorrido de tres sendeiros locais polos montes de Vigo en colaboración coa Mancomunidade de Montes e Comunidades de Montes Veciñais en Man Común de Vigo interesadas.*

*En data 4 de novembro de 2014, achegase una proposta preliminar de divulgación de tres sendeiros polas zonas de montes veciñais de Saiáns, Matamá-Comesaña, Candeán.*

*O devandito estudo preliminar trasladouse ós servizos municipais de Mobilidade e Seguridade, Parques e Xardíns, Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, Área de Fomento, Patrimonio Histórico, para que efectuaran as observacións ou suxestións que estimen pertinente.*

*O Servizo de Planeamento da Xerencia de Urbanismo emitiu informe en data do 14/11/2014, o Servizo de Patrimonio Histórico emitiu informe en data do 27/11/2014, o Servizo de Seguridade emitiu informe en data do 05/12/2014.*

*O Departamento de Medio Ambiente trasladou ó redactor do estudo os informes municipais emitidos e, baixo a dirección deste servizo, elaborou un estudio definitivo de data 17 de*

decembro de 2014, sobre a divulgación de tres sendeiros locais salientando as seguintes consideracións:

### 1.- Sendeiro local de Saiáns

- Transcorre integramente no termo municipal,
- Percorre camiños e sendas existentes, fundamentalmente no ámbito do monte veciñal en man común da parroquia de Saiáns, e algúns tramos de estrada, polo que non esixen ningún tipo de obras de acondicionamento, ensanche, movementos de terra.
- Trátase de camiños públicos aínda que, nalgún momento, puidera existir algún camiño ou senda comunal.
- Discorre, fundamentalmente, por solo clasificado como SRPF e tamén SXZV, SRPI, SRPAC, SRPAQ do PXOM vixente.
- Percorrido circular, distancia 3,1 km, dificultade baixa, transitable a pé entre 1 a 3 horas.
- Contidos de interese: observación da paisaxe e medio natural, parque forestal de Saiáns, Piñeiros do Mundo, Muíños da Estea, Castro Alto da Medoña, Fraga Cal de Outeiro ...

### 2.- Sendeiro local de Matamá-Comesaña.

- Transcorre integramente no termo municipal,
- Percorre camiños e sendas existentes, fundamentalmente no ámbito dos montes veciñais en man común das parroquias de Matamá e Comesaña, e algúns tramos de estrada, polo que non esixen ningún tipo de obras de acondicionamento, ensanche, movementos de terra.
- Trátase de camiños públicos aínda que, nalgún momento, puidera existir algún camiño ou senda comunal.
- Discorre, fundamentalmente, por solo clasificado como SRPF e tamén SUC, SRPAC, SRPEN, SRPAQ, SRPI, SUBLED, SUNC do PXOM vixente.
- Percorrido circular, distancia 12,8 km, dificultade media alta, transitable a pé entre 3 a 6 horas. O percorrido pode desglosarse en dous: tramo Matamá con 6,4 km con dificultade baixa e tramo Comesaña con 6,6 Km, con dificultade media.
- Contidos de interese: observación da paisaxe e medio natural, parque forestal do Maruxento (Matamá), Outeiro de Deus, Parque Forestal Aguieira (Comesaña), Rodeira de Carros, Muíños de Talliños, Fervenza das Lapas, Castro de Casás, Plantación de Castiñeiros, Canteiras de Matamá, Petroglifos das Miralladas, Muíño da Regueira, Fraga de Alborezas.

### 3.- Sendeiro local de Candeán

- Transcorre integramente no termo municipal, nalgúns puntos no linde entre o Concello de Vigo e Redondela.
- Percorre camiños e sendas existentes, fundamentalmente no ámbito do monte veciñal en man común da parroquia de Candeán, polo que non esixe ningún tipo de obras de acondicionamento, ensanche, movementos de terra.
- Trátase de camiños públicos aínda que, nalgún momento, puidera existir algún camiño ou senda comunal.
- Discorre fundamentalmente por solo clasificado como SRPF e tamén SXZV, SRPI, SRPAQ do PXOM vixente.
- Percorrido circular, distancia 8,6, km, dificultade baixa, transitable a pé entre 2,5 e 4 horas. Existente, tamén, un percorrido curto de 3,2 km, de dificultade baixa.
- Contidos de interese: observación da paisaxe e medio natural, parque forestal do Vixiador, estación de radiotelegrafía do Vixiador, A pedra Longa, Miradoiro e Fonte do Verde, Mámoas do Ferradouro e de Costa Freiría, Necrópole de Chan dos Touciños, Mámoa “Casa dos Mouros”, Plantación de oliveiras, Lagoa dos Seixos ... .

Asemade, o estudo incorpora planos dos percorridos, información divulgativa de trazados e contidos, sinalética. Dita información facilítase, tamén, en formato dixital así como as coordenadas GPS dos trazados.

### *III.- Dereito*

#### *1.- Sobre a competencia municipal*

*O artigo 25.2., apartados a), b), l), h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “patrimonio histórico”, “medio ambiente urbano”, “residuos”, “salubridade pública”, “ocupación do tempo de lecer” e “turismo”*

*A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 29 de xullo de 2014, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, planificación política medioambiental, proxecto municipio turístico sostible, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, velar polo mantemento dos carreiros que transcorren polo termo municipal.*

*No ámbito deste marco competencia municipal: medioambiental, patrimonio cultural, turístico e ocupación do tempo de lecer e, en especial, do atribuído á Area de Medio Ambiente, esta concellería levou a cabo, en colaboración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, o estudo para a divulgación de tres sendeiros locais: Saíáns, Matamá-Comesaña, Candeán, por camiños existentes polos montes de Vigo asociados ao GR 53 cun trazado circular, menor de 10 km.*

#### *2.- Sobre a natureza xurídica do estudo*

*O estudo pretende ser un documento de información e divulgación dos tres sendeiros locais circulares que descorren por camiños e sendas existentes do termo municipal, para fomentar o seu percorrido a pé -camiñatas, sendeirismo- polos cidadáns co obxecto de divulgar a riqueza medioambiental, paisaxística, do patrimonio cultural do ámbito polo que transcorren cales son os montes de Vigo e que queda reflectida no documentos do referido estudo.*

*Dito estudo persegue a finalidade de información, sensibilización e concienciación da cidadanía en relación coa protección do medio ambiente, co patrimonio cultural ó tempo que fomenta hábitos de vía da saudable -camiñatas, sendeirismo-, ocupación do tempo de lecer e serve de reclamo turístico do municipio.*

*Por tanto, é un documento de información ou divulgación.*

*Non crea nin autoriza novos usos, nin crea novos camiños nin sendas, xa que transcorre por vías, camiños e sendas existentes de uso público do termo municipal, maioritariamente dentro do ámbito dos montes veciñais en man común das parroquias de Saíáns, Matamá, Comesaña e Candeán, aínda que, nalgún caso, puidera existir algún camiño ou senda comunal. Neste sentido os presidentes das citadas comunidades de montes -debidamente acreditados- achegaron escritos de declaración prestando a súa conformidade á divulgación do citado percorrido e a súa utilización polo público en xeral coas finalidades antes descritas en canto ós dereitos que, dalgunha maneira, puideran ostentar as comunidades de montes no ámbito territorial dos citados montes veciñais. Ademais, o estudo é froito da colaboración conxunta entre o Concello de Vigo e a Mancomunidade de Montes de Vigo en virtude do convenio suscrito por*

ámbalas dúas partes en data 15 de maio de 2014 (expte. 10071/306). Queda garantido o uso pola cidadanía en xeral dos percorridos que se divulgan.

Ao tratarse de usos, vías, camiños e sendas existentes, tampouco se realizan obras de acondicionamento, ensanche, movemento de terras polo que non resulta preciso ningunha autorización prevista na lexislación sectorial a este respecto.

O estudo divulga roteiros existentes e non existe inconveniente en que se revise para o caso de que o desenvolvemento do PXOM vixente modifique o viario en algunha zona determinada.

En canto á divulgación da información dos sendeiros, planos e contidos do estudo, realizarase a través da páxina WEB municipal e coa colaboración do Servizo Municipal de Turismo o que non supón conste ningún e sen prexuízo de paneis ou outros documentos de información que se realicen en función da dispoñibilidade orzamentaria existente.

En canto á unha pequena sinalética de información sobre o terreo executouse fundamentalmente por voluntarios do programa medioambiental en colaboración con persoal das comunidades de montes. Con todo, é preciso a colocación de doce sinais verticais en diversos cruzamento de vías como indicou o Departamento de Mobilidade e Seguridade no seu informe de data 05/12/2014, o que se realizará en coordinación co dito departamento e a través do procedemento legalmente previsto.

### 3.- Competencia

En virtude da resolución de delegación de competencias da alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2011 (BOP 15/07/2011), en concreto o seu apartado primeiro.l.f), a Xunta de Goberno Local debe tomar coñecemento do citado estudo.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo.

Primeiro.- Tomar coñecemento do estudo definitivo redactado en data do 17 de decembro de 2014, polo consultor Xosé Antón Fernández Rojo, para a Área de Medio Ambiente en colaboración coa Mancomunidade de Montes de Vigo, para a divulgación do percorrido de tres sendeiros locais denominados: sendeiro local de Saiáns, sendeiro local de Matamá-Comesaña, sendeiro local de Candeán; que discorren por vías, camiños e sendas existentes polos montes de Vigo, asociados ao sendeiro panorámico de Vigo (GR 53), para o fomento, entre outros, da educación e sensibilización na protección do medio ambiente e do patrimonio cultural, de hábitos de vida saudables -camiñatas, sendeirismo-, da ocupación do tempo de lecer e serve de reclamo turístico do municipio, de conformidade cos fundamentos de feito e dereito recollidos neste acordo e a documentación obrante no expediente número 10647/306.

Segundo.- Sinalar a título informativo a existencia dunha rede de sendeiros sinalizados e identificados, información contida na web municipal, que discorren polo termo municipal constituída por:

Gran recorrido:

- GR 53 "Senda Panorámica de Vigo".

Pequeno recorrido:

- PR-G 1 Galiñeiro.
- PR-G 5 Eifonso.
- PR-G 9 Alba-Outeiros.
- Senda azul.
- Sendeiro local de Saiáns.

- *Sendeiro local de Matamá-Comesaña*
- *Sendeiro local de Candeán.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(144).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL “BARRIO ALTO” DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 7445/307.**

Visto o informe xurídico do 28.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 3.11.14, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio e Economía e Facenda, que di o seguinte:

*A Asociación Cultural “Barrio Alto” do Casco Vello de Vigo solicitou, en escrito presentado o pasado 17 de xullo no rexistro municipal, a sinatura dun convenio co Concello de Vigo, para a realización de actividades socioculturais ao longo do ano, baixo a marca “Fai rúa”.*

*En concreto, dita asociación sinala no seu escrito que “Fai Rúa traerá actividades inclusivas, para toda a veciñanza e cidadanía en xeral relativas a tódalas disciplinas creativas, pintura, música, audiovisuais ... Os eventos poderán ser puntuais ou de carácter periódico”.*

*Esta Asociación Cultural recolle nos seus estatutos, entre os seus fins principais, os seguintes: “a difusión e promoción do Barrio Alto no ámbito do Casco Vello de Vigo”; “o establecemento de mecanismos de difusión que contrinuíran á información, formación, participación e sensibilización do Barrio Alto cara a cidadanía”; e “o tratamento do Barrio Alto como espacio de desenvolvemento sostible e de integración social”.*

*Por tanto, o Concello de Vigo coincide con esta Asociación no obxectivo común de dinamización da zona alta do Casco Vello de Vigo, polo que se elaborou un convenio de colaboración entre as dúas entidades para o desenvolvemento do programa “FAI RÚA”.*

*Polo exposto, solicítase da Xunta de Goberno Local o seguinte:*

*Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo coa Asociación Cultural “Barrio Alto” do Casco Vello de Vigo , para o programa FAI RÚA.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO DE VIGO, PARA O PROGRAMA FAI RÚA**

*En Vigo a \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_.*

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde – Presidente do Concello de Vigo.

Doutra, D. Ramón Viéitez Rodríguez, en calidade de Presidente da Asociación Cultural “Barrio Alto” do Casco Vello de Vigo.

Tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio,

## EXPOÑEN

*Primeiro.- Segundo a lexislación vixente en materia de réxime local e dentro dos seus respectivos ámbitos territoriais, os concellos teñen atribuídas competencias para levar a cabo a promoción de toda clase de actividades e a prestación de tódolos servizos que contribúan a satisfacer as necesidades da colectividade veciñal. En particular, ostentan competencias –nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas- en materia de patrimonio histórico artístico e mercados (Arts. 25.2 apdos.e) e g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 80.2 apdos. e) e g) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).*

*Segundo.- Que a Asociación Cultural “Barrio Alto” do Casco Vello de Vigo recolle, entre os seus fins principais, “a creación e mantemento de vías de conexión coas administracións públicas e outras institucións sociais”, e “o establecemento de mecanismos de difusión que contribuirán á información, formación, participación e sensibilización do Barrio Alto cara a cidadanía”.*

*Terceiro.- Á vista dos fins e competencias das dúas institucións, resulta de interese común contribuir á dinamización da zona alta do Casco Vello de Vigo.*

*Unha das formas de acadar este obxectivo e a aprobación do programa FAI RÚA, e con él traballar na dinamización do barrio.*

## ESTIPULACIONES

### Primeira. OBXECTO.

*O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o Concello de Vigo, a Asociación Cultural “Barrio Alto” do Casco Vello de Vigo, para a posta en marcha do programa FAI RÚA, que consistirá na celebración de actividades inclusivas, para toda a veciñanza e cidadanía en xeral, relativas a tódalas disciplinas creativas, pintura, música, audiovisuais.*

*A periodicidade dos eventos será determinada en cada caso.*

### Segunda. LEXISLACIÓN APLICABLE.

*A lexislación aplicable, para este convenio, o atoparse excluído do ámbito obxectivo de aplicación do RDL 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, segundo o descrito no seu artigo 4.1.c., queda referida os propios pactos do convenio, así como as restantes normas de dereito administrativo vinculadas e, no seu defecto, ás normas de dereito privado.*

### Terceira. VIXENCIA.

*A vixencia do presente convenio, comezará o día da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2015, prazo que poderá ser prorrogado mediante acordo das partes, durante a vixencia do mesmo, de existir razóns suficientes que xustifiquen a mesma.*

Cuarta. OBRIGAS DO CONCELLO.

*O Concello de Vigo autoriza a ocupación da vía pública nas rúas da zona alta do Casco Vello, en concreto as seguintes: Ferrería, Hortas, Subida ó Castelo, Abeleira Menéndez, Pracer, Granada, Cruz Verde, Santiago, Segunda República, Subida á Costa e San Sebastián, así como as Prazas de Argüelles e Calatrava.*

Quinta. OBRIGAS DA ASOCIACIÓN CULTURAL BARRIO ALTO DO CASCO VELLO DE VIGO

*A Asociación comprométese a deixar as rúas en perfecto estado de limpeza.*

*Para responder do correcto desenvolvemento das actividades a Asociación Cultural "Barrio Alto" do Casco Vello de Vigo ten formalizado un seguro de responsabilidade civil.*

Sexta. PUBLICIDADE.

*A participación das entidades que asinan o presente Convenio deberá facerse constar en toda a información pública que se edite.*

Sétima. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

*En orde ó seguimento das actuacións do presente convenio créase a Comisión de Seguimento composta por dous representantes das dúas institucións asinantes.*

Oitava. EXTINCIÓN.

*O presente Convenio extinguirase por resolución e por conclusión ou cumprimento do mesmo.*

*Serán causas de resolución:*

*O transcurso do prazo de duración*

*O incumprimento dalgúns dos pactos contidos no presente documento.*

*O mútuo acordo das partes.*

*Calquera outras que, se é o caso, fosen de aplicación de acordo coa lexislación vixente.*

*E en sinal de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.*

**7(145).- PROXECTO DE CONVENIO DE CESIÓN GRATUÍTA DE VEHÍCULO MUNICIPAL CAMIÓN-CISTERNA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS AO CONCELLO DE PONTEAREAS. EXPTE. 90857/210.**

*Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 30.01.15, o informe de fiscalización do 23.01.15, dáse conta do informe-proposta do asesor*

xurídico do 24.10.14, conformado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

#### I. Antecedentes.-

Con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18.09.2014 recibíuse unha petición asinada polo Alcalde-presidente do Concello de Pontearreas (documento 140111059), na que, tralas previas conversacións realizadas cos responsables municipais da Área de Seguridade e Mobilidade, interesa formalmente do Concello de Vigo a cesión gratuíta, en favor do Concello de Pontearreas, dun vehículo de extinción de incendios de titularidade municipal marca IVECO MAGIRUS modelo 120-25 AW, con matrícula PO-8677-AK, que, nestes momentos, atopase nas instalacións do Parque Móbil deste Concello. O vehículo en cuestión encontrase retirado do servizo activo, se ben presenta un adecuado estado de conservación que lle permite ser destinado ao uso pretendido.

Fundaméntase a anterior petición na seguinte circunstancia: O servizo de Extinción de Incendios do Concello de Pontearreas soamente conta con dous camións de extinción de incendios; un deles, dunha antigüidade de máis de trinta anos e, o outro, mais novo, de nove anos de antigüidade, que é o que ven realizando propiamente as labores do servizo nese municipio. Porén, o Concello de Pontearreas, a través do seu Alcalde Presidente, manifesta a necesidade, para dar un mellor servizo á cidadanía, de dispoñer dun camiión mais, que conte cunha cisterna duns 3.000 litros de capacidade, requisito que si cumpriría o vehículo de titularidade do Concello de Vigo, arriba referido, que se atopa nas instalacións Parque Móbil municipal, fora xa de uso.

Polo Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que en principio amosa a súa disposición á cesión gratuíta do devandito vehículo, interésase a elaboración dunha proposta de Convenio onde se conteña e regule, en síntese, un réxime de reciprocidade obrigacional entre as dúas administracións locais co obxecto de instrumentar a cesión gratuíta do devandito vehículo, de titularidade municipal.

Polo Oficial Xefe do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios infórmase ao respecto que o referido vehículo foi dado de baixa o día 2 de setembro de 2011, ao ser substituído por outro de nova incorporación, se ben o seu estado de funcionamento e óptimo tanto na súa cadea cinemática como do corpo de auga, se ben, ao tratarse dun vehículo con mais de vinte anos de servizo activo, pode presentar no seu funcionamento avarías propias da súa antigüidade.

#### II. Fundamentos de Dereito.-

##### II.1. De orde substantivo.-

Os principios de coordinación, colaboración e mutuo auxilio entre administracións públicas encóntranse recollidos, con carácter xeral, nos artigos 103 da Constitución Española, 4.1 d) da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, 10.1 e 55 da Lei 7/1985, de 2 Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 5.2, 187, e 193 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Mais especificamente, e en materia patrimonial, a Lei 33/2003, de 3 de Novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), no seu artigo 183, "*Principios das relacións entre as Administracións públicas*" (precepto que ostenta carácter de lexislación



básica de acordo co preceptuado no artigo 149.1.18º da Constitución, ex Disposición Final 2ª, apartado 5º da lei), prevé o seguinte:

*“Las Administraciones públicas ajustarán sus relaciones recíprocas en materia patrimonial al principio de lealtad institucional, observando las obligaciones de información mutua, cooperación, asistencia y respeto a las respectivas competencias, y ponderando en su ejercicio la totalidad de los intereses públicos implicados.”*

Partindo dos anteriores principios de actuación interadministrativa, que deben presidir o exercicio das distintas competencias materiais e territoriais legalmente asumidas polas administracións locais, cumpre analizar a posibilidade de instrumentar, a través dun convenio de cooperación, a cesión voluntaria e gratuíta, entre dúas administracións públicas, dun ben moble afecto a un servizo público.

Nos artigos 109 e 110 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), contéñense certas normas aplicables ao alleamento de bens inmoables de natureza patrimonial, se ben o devandito regulamento omite regulación ningunha tanto verbo da posibilidade de efectuar unha cesión gratuíta, entre administracións públicas, de bens mobles afectos ao servizo público - como é o caso que nos ocupa-, como da posibilidade de instrumentar esa transferencia de medios materiais a través dun convenio de colaboración.

No Artigo 185 da LPAP, rubricado *“Iniciativa das Administracións para a xestión de bens públicos”* (precepto de aplicación supletoria ao ámbito local ex artigo 1.2 do RBEL), contense unha previsión específica nesta materia, co seguinte alcance:

*“En el marco de las relaciones de cooperación y coordinación, y en relación con bienes determinados, las distintas Administraciones públicas podrán solicitar a los órganos competentes de las Administraciones titulares de los mismos la adopción, respecto de éstos, de cuantos actos de gestión patrimonial, como afectaciones, desafectaciones, mutaciones demaniales, adscripciones o desadscripciones, que consideren pueden contribuir al pleno desenvolvimiento y efectividad de los principios recogidos en los artículos 6, 8 y 183 de esta ley.”*

Nos Artigos 186 e 187 da mesma Lei (preceptos, tamén, de aplicación meramente supletoria ao ámbito local, ex artigo 1.2 do Regulamento de Bens), configúranse os Convenios como a canle ordinaria para instrumentar e regular os distintos negocios ou actuacións xurídicas que, en materia patrimonial, fosen promovidos no marco daquelas relacións de cooperación e coordinación institucional.

Di, neste senso, o Artigo 186 (Convenios patrimoniais e urbanísticos):

*“La Administración General del Estado y los organismos públicos vinculados a ella o dependientes de la misma podrán celebrar convenios con otras Administraciones públicas o con personas jurídicas de derecho público o de derecho privado pertenecientes al sector público, con el fin de ordenar las relaciones de carácter patrimonial y urbanístico entre ellas en un determinado ámbito o realizar actuaciones comprendidas en esta ley en relación con los bienes y derechos de sus respectivos patrimonios.”*

Engadindo o Artigo 187: (liberdade de estipulacións):

*“1. Los convenios a que se refiere el artículo anterior podrán contener cuantas estipulaciones se estimen necesarias o convenientes para la ordenación de las relaciones patrimoniales y urbanísticas entre las partes intervinientes, siempre que no sean contrarias al interés público, al ordenamiento jurídico, o a los principios de buena administración.”*

Pola súa banda, a Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPCAG), de aplicación supletoria ao ámbito local, ex artigo 1.2 do RBEL - agás o disposto nos artigos 17, 25 e 29, preceptos que resultan de aplicación

directa ás entidades locais desta Comunidade Autónoma conforme ao ordenado no artigo 1º.2. d) e D.F. 2ª da mesma lei-, tamén contén similares previsións ás recollidas na Norma estatal, nos seus artigos 47 e 99.

O Artigo 47 da Lei (Liberdade de pactos), no seu parágrafo 1º, dispón o seguinte:

*“1. Os contratos, convenios e demais negocios xurídicos sobre os bens e dereitos patrimoniais están suxeitos ao principio de liberdade de pactos. A administración pública pode, para a consecución do interese público, concertar os negocios xurídicos previstos neste título, así como aqueloutros que entenda conveniente, ademais de estipular as cláusulas e condicións precisas, sempre que todos eles non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.”*

E no artigo 99 (contido dos convenios), incardinado no TÍTULO VI, Relacións interadministrativas, dispón nos seus parágrafos 1º e 2º:

*“1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais poden formalizar convenios con outras administracións públicas ou con persoas xurídicas de dereito público ou de dereito privado pertencentes ao sector público, co fin de ordenar as relacións de carácter patrimonial entre elas nun determinado ámbito ou de realizar actuacións comprendidas nesta lei en relación cos bens e dereitos dos seus respectivos patrimonios.*

*2. Os convenios patrimoniais poden conter cantas estipulacións se consideren necesarias ou convenientes para a ordenación das relacións patrimoniais entre as partes que interveñan, sempre que non sexan contrarias ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios da boa administración.”*

Sentado o anterior, cumpre concluír, con carácter xeral, a plena viabilidade dos denominados Convenios de cooperación ou colaboración interadministrativos como instrumentos válidos en Dereito para regular, no marco do principio de liberdade de pactos, as relacións patrimoniais entre as distintas administracións públicas.

Descendendo mais ao concreto suposto de feito referido á posibilidade da transmisión da titularidade demanial dun ben ou dereito dunha a outra administración pública, o artigo 29 da LPCAG (Transmisión de titularidade), de aplicación directa ás entidades locais de Galicia, prevé:

*“1. A titularidade dos bens inmobles e dereitos demaniais do patrimonio da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia poderá ser transmitida a outras administracións públicas, para os mesmos fins determinantes da afectación ou para outros fins de uso xeral ou de servizo público de competencia da administración pública receptora dos bens ou dereitos.*

*2. A competencia para acordar o cambio de titularidade de bens inmobles ou dereitos demaniais determinarase consonte as normas establecidas nesta lei para atribuír a competencia para o alleamento dos bens ou dereitos patrimoniais. O cambio de titularidade realizarase por petición da administración interesada e logo do informe da consellaría ou entidade pública instrumental que tiver adscritos os bens ou dereitos, de non ser esta a competente para acordalo.*

*3. O cambio de titularidade formalizarase en documento administrativo que asinarán entre un representante da consellaría competente en materia de patrimonio e un da administración beneficiaria.*

*4. No caso de que os bens ou dereitos dos que se transmite a titularidade deixen de estar destinados ao fin de uso xeral ou de servizo público determinante da transmisión, procederá a reversión deles ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, que se rexerá polas normas sobre desadscrición por incumprimento do fin e innecesariedade dos bens ou dereitos previstas na sección 4.ª do capítulo II deste título.”*

Partindo do anterior, cumpre concluír a plena posibilidade de instrumentar a cesión da titularidade do dereito de propiedade dun ben moble de natureza demanial dunha a outra administración pública, na medida en que concorran -entre outros requisitos de orde formal- “os mesmos fins determinantes da afectación” ou “outros fins de uso xeral ou de servizo público de competencia da administración pública receptora dos bens ou dereitos”, como así sucedería no caso que nos ocupa.

De conformidade co exposto infórmase favorablemente, dende unha perspectiva estritamente xurídica, a posibilidade de acceder á petición cursada polo Alcalde Presidente do Concello de Pontearreas, referida nos antecedentes deste Informe, e de instrumentar, a través dun Convenio de Colaboración, a cesión gratuíta do vehículo municipal marca IVECO MAGIRUS modelo 120-25 AW, con matrícula PO-8677-AK.

Aos efectos indicados, elabórase co presente Informe unha posible proposta de Convenio, que será sometida a consideración do órgano resolutor, por si considera oportuno dar aprobación á mesma.

II.II. De orde formal. Normas de Competencia e Tramitación do expediente.

A competencia para a aprobación e subscripción dun Convenio de colaboración desta natureza, en principio, compételle á Alcaldía Presidencia, por mor do réxime residual de competencias que o artigo 124 da LBRL atribúe a este órgano unipersonal de goberno:

*“4. En particular, corresponde al Alcalde el ejercicio de las siguientes funciones:*

*/.../*

*ñ) Las demás que le atribuyan expresamente las leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no se atribuyan a otros órganos municipales.”*

Porén, o Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP), na súa Disposición adicional segunda (*Normas específicas de contratación nas Entidades Locais*), establece no seu apartado 3º, como competencia propia da Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación, entre outras, á referida ao alleamento do seu patrimonio.

A xuízo do Técnico que subscribe resulta moi discutible que a devandita norma competencial, establecida na lexislación de contratos do sector público, resulte de aplicación a un suposto como o que aquí se analiza, xa que o ámbito regulatorio do TRLCSPP afecta á *contratación do sector público* (artigo 1º), isto é, aos contratos que celebre a Administración Pública con terceiros, quedando expresamente excluídos, entre outros negocios xurídicos, os convenios de colaboración interadministrativos (artigo 4), polo que as operacións de alleamento patrimonial ás que se refire a D.A. 2ª do TRLCSPP non deben ser outras que as producidas no seo dun procedemento contractual, que non é o caso.

Con todo, e por razóns de seguridade xurídica, enténdese oportuno que a aprobación do texto do Convenio que aquí se propón sexa asumida por este órgano colexiado, xa que, seguindo unha consolidada doutrina xurisprudencial, aínda que a competencia para a aprobación dun determinado acto administrativo resida nun órgano unipersonal, entenderase sempre convalidada a actuación naqueles casos nos que a aprobación a efectúe un órgano colexiado do que forme parte e interveña o propio órgano unipersonal no que reside a competencia orixinal.

A proposta do Convenio que susceptible de ser sometida a consideración da Xunta de Goberno Local deberá ser formulada polo Concelleiro Delegado da Área correspondente consonte ao previsto no Decreto delegación competencias da Alcaldía Presidencia de 29 de xullo de 2014, apartado 4º, parágrafo 18º:

*“propoñer ao órgano competente a aprobación dos convenios de colaboración que se deben formalizar con outras Administracións Públicas e organismos públicos dependentes ou vinculados ás mesmas en orde á consecución de fins de interese común xeral”.*

Aínda que a petición formulada polo Alcalde Presidente do Concello de Ponteareas, de seren atendida mediante a subscrición dun Convenio de colaboración, non comporta, *sensu stricto*, un expediente de gasto, entendese oportuno someter a presente proposta a informe previo do órgano que ten legalmente atribuídas as funcións de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria e mais do control de eficacia, isto é, a Intervención xeral, ex artigo 136 LBRL.

Por outra banda, e ao obxecto de dar debido cumprimento ao disposto nos artigos 5 e 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno, o contido do presente convenio publicarase nas respectivas páxinas Web das dúas entidades locais asinantes.

Tal e o meu parecer que someto, en todo caso, a calquera opinión mellor fundada en Dereito.

### III. Proposta de resolución.-

En atención ao anterior, e seguindo instrucións do Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Tráfico, elabórase a seguinte proposta de resolución, que será sometida a consideración da Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Dar aprobación ao seguinte texto do Convenio de Colaboración a subscribir entre o Concello de Vigo e o Concello de Ponteareas para a cesión gratuíta dun camión -cisterna de extinción de incendios:

*“CONVENIO DE COOPERACION ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A CESIÓN GRATUITA DUN CAMIÓN-CISTERNA DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS.*

*En Vigo, a ..... de ..... de 2014*

*REUNIDOS:*

*Dunha banda, D. Carlos López Font, actuando por delegación de firma do Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.*

*Doutra, D. Salvador González Solla, Alcalde- Presidente do Concello de Ponteareas.*

*Ámbalas dúas partes, que actúan en nome e representación das entidades locais mencionadas, recoñécense mutuamente, coa cualidade coa que respectivamente interveñen, competencia e capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio de cooperación, e a tal efecto*

*EXPOÑEN:*

1.- O artigo 25.2, letra f), da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co artigo 80.2.c) da Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, atribúe aos municipios as competencias en materia de Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.

A mesma Lei 7/85, na letra c) do apartado 1 do artigo 26, concordante co artigo 81.c) da lei 5/97, configura o devandito servizo de prevención e extinción de incendios como de prestación obrigatoria para os Municipios con poboación superior aos 20.000 habitantes.

2.- Consonte ás precedentes consideracións, o Concello de Vigo e o Concello de Ponteareas manifestan a súa vontade decidida para manter unha adecuada colaboración en política de Prevención e Extinción de Incendios. A tales efectos, e no marco desta política de cooperación institucional, consideran oportuno ofrecerse a debida colaboración tendente a paliar os déficits de infraestruturas que padece o Concello de Ponteareas, concretamente no que atinxe a dotación de vehículos especiais necesarios para a correcta prestación deste servizo.

3.- O servizo de Extinción de Incendios do Concello de Ponteareas soamente conta con dous camións de extinción de incendios, tendo un deles unha antigüidade de máis de trinta anos e, o outro, mais novo, de nove anos de antigüidade, sendo este último o que ven realizando propiamente as labores do servizo. Porén, o Concello de Ponteareas manifesta a necesidade, para dar un mellor servizo á cidadanía, de dispoñer dun camiión mais, que conte cunha cisterna duns 3.000 litros de capacidade, requisito que si cumpriría o vehículo de titularidade do Concello de Vigo, identificado no expositivo seguinte.

4.- No Parque Móbil do Concello de Vigo existe un camiión de extinción de incendios marca IVECO MAGIRUS modelo 120-25 AW, con matrícula PO-8677-AK, que aínda que foi retirado do servizo activo, encóntrase en adecuadas condicións de uso.

5.- Que por razón dos principios de cooperación e de mutuo auxilio que deben ofrecerse as administracións territoriais cara ao correcto desenvolvemento dun servizo de prestación obrigatoria tan esencial como é o servizo de Prevención e Extinción de Incendios, o Concello de Vigo desexa amosar a súa máxima colaboración institucional ao Concello de Ponteareas, cedéndolle gratuitamente o vehículo descrito no expositivo cuarto deste documento.

De conformidade co exposto, ámbalas dúas partes outorgan o presente Convenio de Cooperación, consonte ás seguintes

#### ESTIPULACIONES:

Artigo 1º.- O obxecto deste convenio é posibilitar que o Concello de Ponteareas manteña unha mínima infraestrutura no Parque móbil do seu Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, acorde coas necesidades poboacionais dese municipio, e fundaméntase nos principios de coordinación e colaboración entre administracións públicas, de acordo co establecido no artigo 103 da Constitución española e no artículo 4.1 d) da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A tales efectos, o Concello de Vigo cede en propiedade ao Concello de Ponteareas o vehículo de extinción de incendios marca IVECO MAGIRUS modelo 120-25 AW,

matrícula PO-8677-AK, número de bastidor WJMBIEJSMO4104263, coa dotación complementaria propia deste vehículo.

Artigo 2º.- A devandita cesión, que, aos efectos pertinentes, instrumentarase a través dunha acta de entrega e recepción, levarase de acordo coas seguintes CLÁUSULAS:

1. O vehículo cedido destinarase ás funcións e cometidos propios do Servizo de Prevención e Extinción de incendios.
  2. Esta cesión, en propiedade, outorgase con carácter definitivo, sen prexuízo do previsto nos apartados seguintes.
  3. O concello cesionario deberá realizar, mediante a Xefatura Provincial de Tráfico, os trámites precisos para o cambio de titularidade do vehículo.
  4. O Concello de Ponteareas garantirá a todo o persoal que utilice o vehículo a correspondente formación necesaria para o seu correcto emprego, así como a súa debida cobertura polos eventuais accidentes que puidesen sufrir no desenvolvemento da súa labor.
  5. O Concello de Ponteareas manifestará coñecer o estado e condicións nos que se atopa, á data da formalización da correspondente acta de entrega, o vehículo cedido, sendo a partires dese mesmo momento, e da súa exclusiva responsabilidade, a execución de cantas reparacións, arranxos e actuacións de mantemento fosen necesarias para a correcta operatividade e posta en funcionamento do vehículo.
  6. A presente cesión gratuíta é compatible con calquera axuda ou subvención, pública ou privada, da que puidera ser receptora a Administración cesionaria en relación co Servizo de Extinción de Incendios.
  7. O Concello de Ponteareas asume a obriga de destinar o vehículo cedido aos fins propios do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, e a non allealo ou cedelo por prazo de dez anos a contar dende a acta da súa entrega.
  8. Asemade, e no caso de producirse unha eventual venda ou cesión onerosa do vehículo despois do prazo indicado, comprométese a reinverter o beneficio económico que puidera derivarse desa cesión no propio Servizo Municipal de Prevención e Extinción de Incendios, no prazo de tres meses a contar dende a data da transmisión onerosa.
- O Incumprimento desta obriga supoñerá unha penalidade equivalente ao importe da transmisión, que deberá satisfacer inmediatamente o Concello de Ponteareas ao Concello de Vigo ante o primeiro requirimento realizado por este último.
- Aos efectos indicados, establécese un prazo de tres anos de caducidade da acción da que dispón o Concello de Vigo, por razón deste compromiso obrigacional, para reclamar a penalidade arriba indicada, e que comezará a computar dende a comunicación oficial cursada polo Concello de Ponteareas dando coñecemento da transmisión onerosa realizada, xunto co prezo da transmisión.
9. Serán causas de resolución da cesión acordada, revertendo o vehículo cedido ao patrimonio do Concello de Vigo, que terá dereito a percibir, despois da taxación pericial, o valor do detrimento ou deterioro que aquel experimentase, as seguintes:
    - Non aplicación ao fin sinalado no apartado 1) do presente artigo.
    - Incumprir os deberes máis esenciais de conservación e mantemento do vehículo.
    - En xeral, o incumprimento das condicións de cesión.
  10. O Concello de Vigo poderá comprobar, en calquera momento, o cumprimento das obrigas parellas á cesión.

11. Os gastos e tributos que xerarse a presente transmisión serán a cargo da Administración cesionaria.

12. A materialización efectiva deste convenio, que terá lugar mediante a subscripción da correspondente acta de entrega, comportará a desafectación do ben cedido do demanio público do Concello de Vigo, e a correspondente afección ao demanio do Concello de Ponteareas.

13. O Concello de Ponteareas responderá fronte a terceiros de todos os danos que poidan derivarse, directa ou indirectamente, da utilización do vehículo cedido. A tales efectos obrígase á subscripción da correspondente póliza de seguro de responsabilidade patrimonial.

14. No supostos de que o vehículo tivese pendente de superar, á data da acta de entrega, a correspondente Inspección Técnica de Vehículos, o Concello cesionario asumirá, á súa costa, a obriga de someter o vehículo a ese proceso de inspección.

15. A presente cesión versa sobre un corpo certo, que o Concello cesionario manifestará coñecer por razón da sinatura da acta de entrega e recepción, cuxo estado de conservación aceptará, renunciando a reclamar do Concello cedente ningún dano, prexuízo ou cumprimento ningunha de obriga derivada do propio estado de conservación do vehículo cedido.

*Artigo 3º .- A cesión formalizarase mediante acta de entrega e recepción, na que deberá constar, como documentos anexos, unha copia do permiso de circulación do vehículo cedido, da tarxeta de Inspección Técnica de Vehículos e do presente acordo de cesión.*

*A transmisión do vehículo cedido e o réxime de obrigas asumidas polas partes por virtude deste convenio será efectiva dende o mesmo momento da sinatura da Acta de entrega e recepción, na que constará expresamente a aceptación da administración cesionaria, a través do seu representante legal, segundo o disposto no presente convenio.*

*Artigo 4º.- O presente convenio, que ten natureza administrativa, queda fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas en virtude do artigo 3.1.c) do referido texto legal.*

*Artigo 5.- Ao obxecto de dar debido cumprimento ao disposto nos artigos 5 e 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno, o contido do presente convenio publicarase nas respectivas páxinas Web das dúas entidades locais asinantes.*

*Artigo 6.- No caso de que algunha das partes asinantes decidise elevar o presente documento a escritura pública correrá cargo da parte que propoña a súa protocolización notarial todos os gastos derivados desa formalización.*

*Artigo 7.- O presente Convenio e os compromisos voluntariamente asumidos polas partes por razón da súa subscripción quedarán automaticamente sen efecto se no prazo de dous meses, a contar dende a súa sinatura, non se producise, por calquera razón, a sinatura da acta de entrega e recepción do vehículo.*

*Disposición final.- As cuestións litixiosas que puideran suscitarse serán resoltas ante a xurisdición da orde contencioso-administrativa, conforme á lexislación reguladora da devandita xurisdición.*

*E en proba de conformidade co contido do presente Convenio de Cooperación, ámbalas dúas partes o asinan por duplicado, en todos os seus folios, no lugar e data ao inicio indicados.*

*Polo Concello de Vigo,*

*Polo Concello de Ponteareas, “*

Segundo.- Facultar ao Concelleiro Delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, de conformidade co disposto no artigo 16 da lei 30/1992 de 26 Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), para proceder á sinatura deste Convenio, por delegación de firma, e mais da correspondente Acta de entrega e recepción do vehículo que é obxecto de cesión, e da que dará fe o funcionario de habilitación nacional deste Concello que aos efectos sexa designado.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(146).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:**

A) BENITO JOSÉ QUIRÓS GONZÁLEZ. EXPTE. 91903/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.02.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 4.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En data 26 de setembro de 2014 por parte de Benito Quirós González, constituíuse un aval de 1.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública na Carballeira da Guía (expte 90559/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública Benito Quirós González, en data 30 de setembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 29 de xaneiro de 2015, o Xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública.*

*En data 02 de febreiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Benito Quirós González, a garantía constituída.*

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 26 de setembro de 2014 por Benito Quirós González, con NIF 36064700-X, por un importe de 1.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública na Carballeira da Guía, por non producirse danos.*

### Acordo



A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**B) OBRAS Y REFORMAS REFORVIGO. S.L. EXPTE. 91552/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 3.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En data 27 de agosto de 2014 por parte de Obras y Reformas Reforvigo, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa José Antela Conde, 2, (expte 90219/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Obras y Reformas Reforvigo, S.L., en data 16 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 13 de xaneiro de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.*

*En data 27 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Obras y Reformas Reforvigo, S.L., a garantía constituída.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 27 de agosto de 2014 por Obras y Reformas Reforvigo, S.L., con NIF B-36916740, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa José Antela Conde, 2, por non producirse danos.*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**C) DISENMA DISEÑO S.L. EXPTE. 91562/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 3.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En data 15 de outubro de 2014 por parte de Disenma Diseño, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Pizarro, 85, (expte 90819/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Disenma Diseño, S.L., en data 18 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 13 de xaneiro de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.*

*En data 27 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Disenma Diseño, S.L., a garantía constituída.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 15 de outubro de 2014 por Disenma Diseño, S.L., con NIF B-27775048, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Pizarro, 85, por non producirse danos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### D) MARODRI S.L. EXPTE. 91584/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 3.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En data 14 de xullo de 2014 por parte de Marodri, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Urzaiz, 182, (expte 89739/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Marodri, S.L., en data 23 de decembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 13 de xaneiro de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.*

*En data 27 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Marodri, S.L., a garantía constituída.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de xullo de 2014 por Marodri, S.L., con NIF B-36741973, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Urzaiz, 182, por non producirse danos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E) EVENTOS DEL II MILENIO S.L. EXPTE. 91589/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 3.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En data 29 de outubro de 2014 por parte de Eventos del III Milenio, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Praza do Rei, (expte 90507/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública Eventos del III Milenio, S.L., en data 20 de novembro de 2014 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 19 de xaneiro de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública.*

*En data 27 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Eventos del III Milenio, S.L., a garantía constituída.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 29 de decembro de 2014 por Eventos del III Milenio, S.L., con NIF B-36309540, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública na Praza do Rei, por non producirse danos.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

F) OURENOVA S.L. EXPTE. 91706/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 27.01.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 3.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En data 26 de marzo de 2014 por parte de Ourenova, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Cristo, 3, (expte 80079/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Ourenova, S.L., en data 09 de xaneiro de 2015 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 14 de xaneiro de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.*

*En data 27 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Ourenova, S.L., a garantía constituída.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 26 de marzo de 2014 por Ourenova, S.L., con NIF B-32406951, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa Cristo, 3, por non producirse danos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### G) EURODETALLES S.L. EXPTE. 91723/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.02.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 4.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

*En data 11 de decembro de 2014 por parte de Eurodetalles, S.L., constituíuse un aval de 3.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa López Mora, 75, (expte 91478/210).*

*Finalizada dita reserva especial de vía pública por obra Eurodetalles, S.L., en data 08 de xaneiro de 2015 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.*

*En data 14 de xaneiro de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública e retirar toda a sinalización.*

*En data 27 de xaneiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Eurodetalles, S.L., a garantía constituída.*

*Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 11 de decembro de 2014 por Eurodetalles, S.L., con NIF B-36401131, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na Rúa López Mora, 75, por non producirse danos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(147).- REVISIÓN ORDINARIA DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1316/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.01.15, o informe de fiscalización do 2.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 28.01.15, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

Con data 1 de agosto de 2014, a empresa Linorsa, adxudicataria do contrato do “Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias” presenta no rexistro do Concello solicitude de revisión ordinaria do contrato en función do I.P.C.

O devandito contrato foi adxudicado a empresa Linorsa según acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de maio de 2013 e cun prazo de duración de catro anos a contar dende o 16 de xuño de 2013, con dúas prórrogas dun ano cada unha, dacordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas aprobados previamente pola Xunta de Goberno Local.

O contrato foi asinado o 14 de xuño de 2013 entre o Concello de Vigo e a devandita empresa e establécese que o contrato comezará o 16 de xuño de 2013 rematando o 15 de xuño de 2017, polo tanto a revisión ordinaria do contrato comezará o 17 de xuño de cada ano.

A posibilidade de revisión ordinaria de prezos do contrato aparece na cláusula 29. “Revisión de prezos ” e no apartado 3.J das FEC do Prego de Condicións Administrativas particulares (PCA) que rexiu a contratación.

No citado apartado 3.J das FEC, establececese que:

*“procederá a primeira revisión de prezos transcorrido un ano dende a data de formalización do contrato, e sempre e cando este se tivese executado a lo menos no 20% do seu importe, e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade”.*

Tendo en conta que o prazo de presentación de ofertas finalizou o 5 de outubro de 2012, e que o expediente non foi adxudicado ata o 24 de maio de 2013, a revisión de prezos procede dende o 5 de xaneiro de 2013.

Polo anteriormente exposto, e tendo en conta que o incremento do IPC entre o mes de xaneiro de 2013 e o mes de xuño de 2014 é de 1,3% o novo prezo do contrato despois da revisión ordinaria a partires do 16 de xuño de 2014, quedaría fixado tal como se detalla a continuación:

O prezo actual anual do contrato ascende a ..... 1.419.508,20 € /ano (sen IVE).

A variación do IPC entre xaneiro 2013 e xuño 2014 = 1,3 %.

De acordo co apartado 3.J das FEC do PCA a dito IPC deberá aplicárselle o índice de redución do 85%.

$1,3\% \times 0,85\% = 1,11$

$1.419.508,20 \times (1,11) = \dots\dots\dots 15.756,54 \text{ € /ano (sen IVE)}$

Prezo do contrato coa revisión ordinaria: .....1.435.264,74 € /ano (sen IVE)

IVE: 21%:..... 301.405,59 € /ano

Prezo total coa revisión ordinaria .....1.736.670,33€ /ano (con IVE)

O incremento da revisión ordinaria anual supón un incremento mensual de: 1.313,04 € /mes (sen IVE).

#### ATRASOS da revisión ordinaria :

Atendendo á data de inicio do contrato e a cláusula 29 do PAC e o apartado 3.J das FEC do PAC que o regula, cumpre recoñecer Linorsa os atrasos pendentes de facturar e correspondentes a cada mes dende xuño 2014.

Importe de atrasos dende 16.06.2014: 15.756,54 €/ano /12 meses= 1.313,04 €/mes (sen IVE ), o que supón 1.313,04 €/mes x 6,5 meses = 8.534,76 € (sen IVE) o que supón 10.327,06 € con IVE  
A partida presupostaria que da cobertura a este gasto é a 9200.227.00.00 Limpeza da casa Consistorial:

Previamente a someter o expediente á consideración da Xunta de Goberno Local deberá ser fiscalizado pola Intervención Xeral municipal.

Á vista do prego de cláusulas administrativas particulares que regulan este contrato respecto á revisión ordinaria do mesmo e dos documentos que obran no expediente, este Área de Fomento faille á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA:

- 1º.- Aprobar a revisión ordinaria do contrato de “Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias” por un importe anual de 15.756,54 € /ano (sen IVE) o que supón 19.065,41 € / ano ( con IVE).
- 2º.- Aprobar o prezo total anual do contrato de “Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias” despois da 1ª revisión ordinaria por un importe total anual de 1.435.264,74 € /ano (sen IVE) que supón 1.736.670,34€ /ano (con IVE).
- 3º.- Aprobar o importe dos atrasos derivados da 1ª revisión ordinaria do contrato por un importe de 8.534,76 € (sen IVE) o que supón 10.327,06 € (con IVE).

A presente resolución comunicarase ao servizo de Contratación e ao adxudicatario aos efectos oportunos.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(148).- ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN EN SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE DOCE MIL METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE CON DESTINO A EMISARIO SUBMARINO PARA EDAR DE LAGARES, TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 240/403.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Urbanización e Infraestructuras, do 27.01.15, conformado polo xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*Coa data 19.01.2015, tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 150005566) o oficio do día 12.01.2015 do xefe do Área de Verquido, da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, de Augas de Galicia, polo que se da traslado do informe favorable, emitido con data 04.12.2014, polo director xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (P.D. da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), en relación coa solicitude de concesión de ocupación de doce mil (12.000) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a emisario submarino para a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Lagares,*

*en el t.m. de Vigo (Pontevedra) e no que se sinalan unha serie de condicioantes. A aceptación dos mesmos deberán comunicarse a Aguas de Galicia polo Concello de Vigo para continuar coa tramitación prevista no artigo 156 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de Costas.*

*A concesión solicitada e informada favorablemente polo dito Centro directivo mediante resolución do 04.12.2014, tramítase de conformidade co previsto no artigo 156 do Regulamento xeral de Costas que regula o procedemento mediante o cal outorgarase conxuntamente a autorización ou concesión por parte da Comunidade Autónoma para o funcionamento da actividade e a concesión para a ocupación pola mesma do dominio público marítimo-terrestre a outorgar polo Ministerio de agricultura, alimentación e medio ambiente. A solicitude de informe supón, por imperativo legal, a conformidade inicial da Comunidade Autónoma co proxecto presentado.*

*Vistos os condicionantes recollidos no informe favorable da data 04.12.2014 do director xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar (P.D. da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) non se observan consideracións que, dende un punto de vista técnico, desaconsellen a súa aceptación.*

*Considerado o antecedente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMERO: Aceptar as condicións sinaladas na resolución ditada en data 04.12.2014 polo director xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar o 04.12.2014 (P.D. da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), pola que se informa favorablemente a solicitude de concesión de ocupación de doce mil (12.000) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a emisario submarino para a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Lagares, no el t.m. de Vigo (Pontevedra).*

*SEGUNDO: Remitir o presente acordo a Aguas de Galicia, en cumprimento do previsto no artigo 156 do RD 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de Costas, a fin de que dé traslado do mesmo, xunto co expediente administrativo e a proposta a emitir pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, á Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa y do Mar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que proceda ao outorgamento, no seu caso, da dita concesión de ocupación do dominio público.*

Con data 6.02.15 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo toma coñecemento do anterior informe e éléva o asunto á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(149).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.